

INSTRUCCIÓN PARA O ACCESO DO ALUMNADO Á AULA VIRTUAL MOODLE DA EOI DE VIGO

Todo o alumnado da EOI de Vigo que está inscrito na Aula Virtual Moodle do centro ten o mesmo nome de usuario que o do correo electrónico rexistrado na secretaría do centro no momento da matrícula (a parte do enderezo que está antes de @). Se, por exemplo o seu correo electrónico é:

alumna1@correo.org

o seu nome de usuario na Aula Virtual Moodle do centro será “alumna1”.

Para usar a Aula Virtual Moodle **é imprescindible ter rexistrado un enderezo de correo electrónico que funcione e ao cal poida acceder, e debe ser un enderezo diferente para cada persoa rexistrada na aula virtual**. Se o correo electrónico que consta na secretaría do centro non é correcto ou non cumpre estes requisitos, por favor, pónase en contacto coa secretaría para solicitar o cambio nos seus datos persoais.

Primeiro acceso

No momento en que sexa inscrito polo centro na Aula Virtual Moodle recibirá no seu enderezo un correo electrónico semellante a este:

From: "Webmaster Websdinamicas (via EOIVigo)" <nonresponder@edu.xunta.es>
To: "Nome Apelidos" <alumna1@correo.org>
Reply-To: "Não responda para este endereço" <nonresponder@edu.xunta.es>
Subject: Aula Virtual da EOI de Vigo: Conta de usuario novo
Date: Mon, 12 Oct 2020 16:09:40 +0200

Ola, Nome Apelidos,

Abriuselle unha nova conta en «Aula Virtual da EOI de Vigo» e asignóuselle un contrasinal temporal.

A información para acceder é:

Nome de usuario: alumna1

Contrasinal: xxxxxxxx

(deberá cambiar o contrasinal cando acceda por primeira vez)

Para comezar a usar «Aula Virtual da EOI de Vigo», acceda a <https://www.edu.xunta.gal/centros/eoivigo/aulavirtual/login/>

Na maioría de programas de correo electrónico esta ligazón debería aparecer en azul, para poder premer nela. Se non funciona, cópiala e péguaa na barra de enderezos do seu navegador.


Atte. O administrador de «Aula Virtual da EOI de Vigo»,

Webmaster Websdinamicas
websdinamicas@edu.xunta.gal

Utilice o nome de usuario e o contrasinal indicados nese correo para acceder pola primeira vez. O sistema obrigará ao cambio de contrasinal no primeiro acceso. Non se esqueza de revisar a bandexa de “spam” ou de aceptar correos provenientes de nonresponder@edu.xunta.gal nos seus filtros antispam.

Restabelecemento do contrasinal


Se non recibiu ese correo ou esqueceu o contrasinal por calquera razón, pode acceder solicitando a alteración do contrasinal. Para ese fin, siga a ligazón “Acceder” que encontrará no canto superior dereito da páxina inicial de acceso á Aula Virtual Moodle da EOI de Vigo (<https://www.edu.xunta.gal/centros/eoivigo/aulavirtual/>):



Esa ligazón leva a <https://www.edu.xunta.gal/centros/eoivigo/aulavirtual/login/index.php> onde encontrará unha ligazón “Esqueceu o seu nome de usuario ou o contrasinal?”:



Esa ligazón leva a https://www.edu.xunta.gal/centros/eoivigo/aulavirtual/login/forgot_password.php onde pode introducir o seu correo electrónico no cadro que indica “Buscar por enderezo de correo” e clicar seguidamente no botón “Buscar”:



Se o seu enderezo de correo está rexistrado na Aula Virtual Moodle do centro, recibirá un correo semellante a este:

From: "Webmaster Websdinamicas (a través de EOIVigo)" <nonresponder@edu.xunta.es>
To: "Nome Apellidos" <alumna1@correo.org>
Reply-To: "Non responder a este enderezo" <nonresponder@edu.xunta.es>
Subject: Aula Virtual da EOI de Vigo: Solicitud de restabelecemento de contrasinal
Date: Mon, 12 Oct 2020 16:14:50 +0200

Ola Nome.

Vostede solicitou un restabelecemento de contrasinal para a súa conta «alumna1» en Aula Virtual da EOI de Vigo.

Para confirmar esta petición, e establecer un novo contrasinal para a súa conta, vaia ao seguinte enderezo:

https://www.edu.xunta.gal/centros/eoivigo/aulavirtual/login/forgot_password.php?token=Sxxxxxxx
(Esta ligazón é válida durante 240 minutos desde o momento no que fixo a solicitude por primeira vez.)

Se vostede non solicitou este restabelecemento de contrasinal, non é necesario que faga nada.

Se necesita axuda, contacte co administrador do sitio,

Webmaster Websdinamicas
websdinamicas@edu.xunta.gal

Siga a ligazón (ou cópiala e péguela na barra de enderezos do seu navegador) e siga as instrucións para crear un novo contrasinal para a súa conta.

Se o seu enderezo de correo electrónico non está rexistrado na Aula Virtual Moodle da EOI de Vigo, non recibirá ningún correo: nese caso, pida ao seu profesor que verifique a súa inscrición ou pónase en contacto coa secretaría do centro. Por favor, antes non se esqueza de revisar a bandexa de “spam” ou de aceptar correos provenientes de nonresponder@edu.xunta.gal nos seus filtros antispam.